

TEXTO Nº 5: A ECOMODA

A ecomoda distínguese por confeccionar a roupa e os complementos -bolsos, cintos, zapatos, carteiras, pulseiras ou pendentes, dunha maneira respectuosa co medio ambiente, cos animais e cos seres humanos. Isto débese a que non utiliza produtos tóxicos, tanto no cultivo das fibras, como no proceso de fabricación, que afecten a natureza e as persoas. Ademais, tampouco sacrifica animais, como os visóns, ou os crocodilos, para confeccionar roupa ou complementos coas súas peles.

A maioría da roupa que venden nas tendas, sobre todo nos grandes almacéns, non é ecolóxica. Elabóranse a partir de fibras sintéticas: polyester, nylon, lycra... (podeses comprobalo nas etiquetas das prendas). Estas fibras sintéticas teñen a súa orixe no petróleo (unha substancia moi contaminante) e ademais son tinguidas con produtos tóxicos que danan o planeta e que son prexudiciais para a saúde humana. Cada ano morren nos talleres téxtiles (sobre todo nos do sudeste asiático, onde se fabrica a maior parte da roupa do mundo) centos de persoas intoxicadas con estes produtos, entre elas nenas e nenos.

QUE MATERIAIS UTILIZA?

A ecomoda elabora a roupa a partir de fibras naturais. Estas poden ser de orixe vexetal: algodón, liño, seda, cáñamo, bambú, ortigas... todas elas cultivadas sen fertilizantes nin pesticidas, ou de orixe animal: la, pelo de camelo...

Ademais, tamén recicla plásticos e outros materiais e utiliza ósos de pexego, anacos de coco, cunchas ou madeira para fabricar complementos.

Tanto as embalaxes que conteñen a roupa como as etiquetas elabóranse a partir de papel e cartón reciclados.

COMO TINGUEN OS TECIDOS?

Na natureza podemos encontrar todas as cores! A ecomoda, a diferenza da maioría da industria téxtil, non utiliza produtos tóxicos para tinguir os seus tecidos. Emprega tinguiduras naturais, procedentes de plantas, insectos, fungos e minerais, como por exemplo, a cúrcuma, o viño, as moras, a madeira de sándalo... desta maneira protéxese o medio ambiente (evítanse vertidos tóxicos) e tamén a saúde humana, tanto a das persoas que tinguen as prendas, como a das persoas que as vestimos, pois moitas das tinguiduras artificiais usadas na industria téxtil causan reaccións alérxicas na nosa pel.

ONDE A PODEMOS MERCAR?

En Galicia existen diferentes produtoras de roupa e complementos ecolóxicos (Racataplán, La Canalla, Cestola na Cachola, Xiro...) que venden as súas confeccións a través da web, en feiras ou en tendas. Confeccionan roupa para todas as idades e estilos.

Á hora de mercar unha prenda ecolóxica debemos de asegurarnos de que así sexa. Na etiqueta da prenda debe de figurar o certificado GOTS (Global Organic Textile Standard). O organismo que certifica o selo GOTS encárgase de controlar todo o proceso de fabricación da roupa para que se cumpran todos os requisitos: a recolleita das fibras, as tinguiduras empregadas, a confección, o almacenamento, o transporte, o etiquetado... Pode haber roupa ecolóxica que non leve este certificado, pero nunca teremos a seguridade de que así sexa.